

Regulamento

PRESENTACIÓN

A **Asociación Ambar das Persoas con Diversidade Funcional** organiza a **XI Carreira pola Diversidade** que se celebrará, de maneira presencial, o día 11 de maio no Concello de Ribeira. Trátase dunha proba con circuíto urbano que sairá dende a explanada de Coroso, ás 10:00h.

MODALIDADES E CATEGORÍAS

Existen 2 modalidades da carreira, ambas co mesmo percorrido de 5 km de distancia que inclúen diferentes categorías.

- **MODALIDADE ABSOLUTA MIXTA 5Km:**

SUB-18 (16 a 17 anos inclusive)

SENIOR (18 a 34 anos inclusive)

MASTER 1 (35 a 40 anos inclusive)

MASTER 2 (41 a 50 anos inclusive)

MASTER 3 (51 en diante)

- **MODALIDADE INCLUSIVA 5 KM**

ZAPATILLA INCLUSIVA: poderán inscribirse nesta categoría tódalas persoas con diversidade intelectual, sensorial ou motriz que non se inclúan en ningunha das outras modalidades.

HANDBIKE.

CADEIRA DE ATLETISMO.

- **MODALIDADE DE ANDAINA CON ou SEN MASCOTAS:**

ÚNICA: 3,33km

- **MODALIDADES INFANTÍS:**

Tras esta proba inclusiva haberá probas infantís distribuídas por idades:

- 13 a 15 anos: 2km

- 10 a 12 anos: 1km

- 8 a 9 anos: 500 km

- 6 a 7 anos: 300 m

- 0 a 5 anos: 100 m



O horario da proba absoluta mixta será as 10:00. A andaina saírá aos 10 minutos de comezar a Carreira absoluta. O resto das probas irán comezando segundo vaian terminando as probas anteriores no seguinte orden:

- Carreira 2km
- Carreira 1km
- Carreira 500m
- Carreira 300m
- Carreira 100m

INSCRICIÓN

A cota de inscrición é de 7 €. A recadación será destinada á cofinanciación de estancias de respiros familiares promovidas pola Asociación Ambar neste ano 2025.

A inscrición poderá facerse a través da páxina web da Asociación Ambar (www.asociacionambar.org)

Existe a posibilidade de facer a inscrición do “**Dorsal 0**”, para todas aquelas persoas que queiran colaborar coa entidade sen participar na carreira.

Os dorsais recolleranse a partir das 9:00 horas e ata media hora antes do inicio das probas. Non se aceptarán as inscricións fóra de prazo , cos datos incompletos ou sen todos os datos obligatorios

A data límite de inscrición será o día **6 de Maio ás 23:59 h.** ou ata completar o número de participantes permitidos.

A inscrición nas modalidades de Cadeira de atletismo e handbike darán dereito a hospedaxe do deportista e 1 acompañante a noite previa á celebración da carreira. Isto farase por orde de inscrición ata fin de existencias.

CLASIFICACIÓN E PREMIOS

Estableceranse os seguintes premios que serán entregados ao remate das probas competitivas:

- ✓ Carreira:
 - 3 primeiros clasificados na categoría senior (masculino).
 - 3 primeiras clasificadas na categoría senior (feminina).

- 3 primeiros clasificados na categoría master 1 (masculino).
- 3 primeiras clasificadas na categoría master 1 (feminina).
- 3 primeiros clasificados na categoría master 2 (masculino).
- 3 primeiras clasificadas na categoría master 2 (feminina).
- 3 primeiros clasificados na categoría master 3 (masculino).
- 3 primeiras clasificadas na categoría master 3 (feminina).
- 3 primeiros clasificados na categoría sub-18 (masculino).
- 3 primeiras clasificadas na categoría sub-18 (feminina).
- 3 primeiros clasificados na categoría zapatilla inclusiva (masculino).
- 3 primeiras clasificadas na categoría zapatilla inclusiva (feminina).
- 3 primeiros clasificados na categoría handbike (masculino e feminino).
- 3 primeiros clasificados na categoría cadeira deportiva (masculino e feminino).
- Medallas para todos/as participantes nas probas infantís.

NORMAS DE CARREIRA

Todos os corredores recoñecen estar en perfecto estado físico e de saúde para a participación nesta proba eximindo á organización da devandita responsabilidade.

Haberá unha zona de quecemento debidamente sinalizada así como unha cámara de chamadas previa á saída da carreira.

A carreira estará controlada ao longo do seu percorrido polo persoal correspondente (apertura e peche de carreira, sinalizacións, etc.) O control de chegada pechará unha hora despois do inicio da proba.

RESPONSABILIDADE E RECLAMACIÓNS

A organización da proba non se fará responsable dos danos morais e físicos que a si mesmo ou a outras persoas ocasionen os participantes desta proba. As reclamacións deberán ser feitas verbalmente á organización da proba ,non máis tarde de 30 minutos despois da publicación dos resultados. A organización reservase o dereito de modificar este regulamento se as circunstancias o requiren (informando previamente)

Todos os participantes , polo feito de inscribirse e participar na proba , aceptan este regulamento eximindo de toda responsabilidade aa organización por calquera

incidente ou percance que lles suceda, tanto a persoa como a mascota por imprudencias o negligencias dos mesmos, da mesma forma que si a mascota infrinxe algún dano ou perxuício durante a súa participación na carreira. Así mesmo, os participantes declaran estar en óptimas condicións físicas para a realización desta proba; facéndoo baixo a súa responsabilidade y eximindo a Asociación Ambar das persoas con diversidade funcional.

SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL

A proba conta cun seguro de responsabilidade civil e de accidentes que cubrirá aos participantes inscritos a través das canles oficiais. Así mesmo, contaremos con servizo de ambulancia e médico.

PERCORRIDO:

O percorrido terá unha distancia de 5.000 m, no circuíto que se mostra:



PROTECCIÓN DE DATOS E DEREITOS DE IMAXE

Ao realizar a inscrición, todos os participantes, aceptan a publicación dos seus datos persoais (nome e apelidos) e/ou imaxe nas clasificacións, medios de comunicación e/ou redes sociais da Asociación Ambar, podendo ser empregados para a difusión da carreira en vindeiras edicións.



POLÍTICA DE PRIVACIDADE.

A presente política de privacidade ten por obxecto informar ás persoas participantes da VIII Carreira pola Diversidade da política de privacidade da Asociación Ambar e o uso e tratamento de imaxes.

ANEXO I.

¿Quen é o responsable do tratamento dos seus datos?

Identidade: Asociación Ambar das Persoas con Diversidade Funcional - CIF: G15052434

Enderezo. postal: Rúa Castelao número 5, CP 15940, A Pobra do Caramiñal

Teléfono: 981874480

Correo elect: administracion@asociacionambar.org

¿ Con que finalidade tratamos os seus datos persoais?

En **Ambar** tratamos os seus datos persoais facilitados a través do formulario de inscrición da páxina de inscricións da Carreira pola Diversidade coa finalidade de organizar e xestionar a súa participación na carreira e a promoción de vindeiras edicións.

Uso de fotografías e/ou vídeos

Ca finalidade de promocionar a actividade desenvolta pola nosa entidade, durante a realización do evento tomaranse fotografías e vídeos co fin de que poidamos darlle difusión a "Carreira pola Diversidade" na páxina web oficial da entidade, con dominio www.asociacionambar.org, e nos perfís de redes sociais creados pola entidade e/ou en publicacións que se poidan chegar a realizar en soporte papel e/ou en medios de comunicación sobre as actividades e programas organizados por Ambar.

No caso de que queira opoñerse o tratamento das imaxes e vídeos pode comunicárnolo nos datos de contacto referenciados no apartado primeiro.

¿ Por canto tempo conservaremos os seus datos?

Conservaremos os seus datos persoais en tanto e canto sexan necesarios para xestionar a organización do evento deportivo e durante o prazo legal establecido pola normativa aplicable á materia a efectos de prescrición de responsabilidade, procedendo á súa supresión unha vez deixan de ter utilidade para a entidade.

¿ Cales son os seus dereitos cando nos facilita os seus datos?



Calquera persoa ten dereito a obter confirmación sobre se en **Ambar** estamos a tratar datos persoais que lle atanguen, ou non.

As persoas interesadas teñen dereito a acceder aos seus datos persoais, así como a solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a súa supresión cando, entre outros motivos, os datos xa non sexan necesarios para os fins que foron recollidos.

Se considera que algún dos dereitos anteriormente mencionados non foi respectado, Vostede terá dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos <https://www.agpd.es/portaIwebAGPD/index-ides-idphP.php>